

FASE II: TRABALLO DE CAMPO

O traballo de campo baséase na enquisa oral, pois trátase de recoller a información toponímica máis fiable a través dos informantes. É fundamental rexistrar as características lingüísticas (fonética) e xeográficas (localización e tipoloxía) do topónimo. Paralelamente, utilízase como apoio a cartografía (IGN, municipal, catastro) e o Nomenclátor de Galicia, ao tempo que se contrasta a información destes documentos.

Para levar a cabo este traballo, establécense os seguintes procesos:

1. Curso de formación

Antes de comezar o traballo propiamente dito, impárteselles un curso de formación aos técnicos/as que van levar a cabo a recolleita da toponimia, que preferiblemente serán filólogos ou xeógrafos.

Os aspectos que se imparten nos cursos son, fundamentalmente:

- Manexo de cartografía e fotos aéreas
- Consulta de documentación con información toponímica
- Metodoloxía das enquisas de campo
- Manexo de Access e das aplicacións programadas para o proxecto

2. Coñecemento previo do territorio partindo da documentación existente

Antes de comezar os traballos de campo consúltase toda a documentación que conteña información toponímica da zona co obxectivo de:

- Servir como unha primeira referencia do territorio que se vai estudar
- Contrastar e verificar a posteriori a información obtida nas enquisas orais de campo

A documentación que se adoita empregar é a seguinte:

➤ **Cartografía municipal**


Moitos concellos posúen unha cartografía propia elaborada para os seus plans de ordenación urbana. A información toponímica destes documentos, habitualmente escasa, contrástase coa obtida no traballo de campo e, como resultado desta verificación, proporciónase a información pertinente para a súa corrección.

➤ **Nomenclátore da Xunta de Galicia e do Instituto Nacional de Estadística (INE)**


Estes documentos recollen a relación de entidades de poboación existentes en Galicia. Os criterios utilizados, nun e outro caso, para determinar o que se considera entidade de poboación son diferentes.

O Nomenclátor do INE emprega criterios estatísticos e o da Xunta, aínda que parte da relación de nomes existentes no primeiro, nalgún caso engade outros lugares que son recoñecidos como tales polos veciños.


O emprego da información deste documento é moi importante para a identificación dos lugares de cada zona así como para consultar a forma normativizada dos topónimos.



➤ **Documentación toponímica específica da zona de traballo**



Poden ser publicacións recentes de estudos de toponimia local, inventarios históricos como os amillaramentos ou o Castastro do Marqués de la Ensenada, do século XVIII. Esta documentación é utilizada, sobre todo, como consulta e verificación de certas informacións dubidasas.



3. A enquisa de campo

Tras a consulta da documentación citada prepárase a saída ao campo. Trátase de seleccionar os informantes adecuados para obter una información de calidade, recollendo as características máis relevantes de cada topónimo, e de establecer a súa situación nas fotos aéreas ou nos planos de catastro, delimitando o espazo que abrangue cada un.

Hai diferentes tipos de enquisa: estática, móbil e mixta. A pesar de que a máis rápida e menos traballosa é a estática, é aconsellable a móbil, xa que ao recoller a información *in situ*, esta será máis fiable.

Selección de informantes

A selección e busca das persoas que mellor coñecen o territorio resulta moitas veces difícil. Neste proceso faise imprescindible a colaboración dos concellos e mais das asociacións veciñais e culturais.

As particularidades do tipo de informante varían dunhas zonas a outras. Nas áreas costeiras a colaboración de mariñeiros e mariscadores permítenos identificar a toponimia do litoral. Na montaña a despoboación reduce considerablemente o número de informantes, chegando a certas zonas onde só unha persoa é a única fonte de información, con todas as restricións que pode ter esta exclusividade. Nas proximidades ás urbes, a complicación reside no desarraigo dos habitantes respecto do seu medio, profundamente transformado, e no esquecemento dos nomes, de maneira que atopar bos informantes resulta difícil. De todos os xeitos, a colaboración e a sensibilidade das veciñas e dos veciños facilita que se salven con éxito moitas destas barreiras.

As características que se deberían buscar nos informantes son:

- Que teñan idade avanzada
- Que sexan nativos do lugar
- Que dispoñan de tempo
- Que estean ou estiveran en contacto directo coa terra ou co mar (agricultores, mariñeiros, cazadores...)
- Que saiban interpretar as fotos aéreas
- Que teñan boa disposición e interese en dar información, porque así esta será de calidade

O máis aconsellable é traballar cun grupo, xa que isto dará como resultado unha información mellor, tanto cuantitativa como cualitativamente.

A cada informante ou grupo fáiselle unha ficha cos datos máis relevantes para ter un perfil da persoa que achegou a información e facer unha valoración dela. Cada topónimo ten asociado un informante ou un grupo de informantes, polo que se pode valorar a fiabilidade dos topónimos recollidos, así como realizar consultas sobre a calidade e cantidade dos topónimos.

A fotografía aérea

É o documento sobre o que se representa graficamente a información de campo, pois a través dela obtemos unha visualización do terreo de traballo e unha clara identificación da realidade xeográfica. Permítenos localizar xeograficamente cada un dos topónimos, e delimitar o seu

ámbito territorial. Axudará, ademais, a dixitalización da información recollida para súa incorporación na cartografía.

Estas fotos son facilitadas polo SITGA, que dispón dun voo dos anos 1999-2000 e de ortofotos do ano 2003. A fotografía de traballo ten unha escala entre 1:3.000 e 1:5.000, variando segundo as necesidades da zona. Para a localización do topónimo superponse unha trama de cuadrículas sobre a foto, e cada unha é identificada por un número e unha letra. Esta retícula serve a modo de coordenadas para a localización puntual, lineal ou superficial do topónimo, identificado na foto cun número.



Na fotografía sinálanse cunha simboloxía os elementos de interese cultural, o curso dos ríos e os lindes de parroquias e concellos, o que supón un incremento da información.

O caderno de campo

Os técnicos levan un caderno onde se recolle o nome, reproducindo fidedignamente os trazos fonéticos dos informantes, asociado a un número de topónimo que figura na foto aérea. Anótanse as características principais do nome e as lendas asociadas a el. Posteriormente

será completado co contraste documental ao introducilo na ficha correspondente da base de datos, como veremos máis adiante.

4. Contraste da información

Os nomes obtidos na enquisa oral deben ser contrastados cos dos outros informantes e coa documentación consultada antes de introducilos na base de datos.

a) Contraste oral

Se a enquisa é cun só individuo, faise necesario verificar os nomes dados por este con outros informantes.

b) Contraste documental

Trátase de verificar a toponimia recollida en campo coa existente na documentación tanto cartográfica (IGN, Catastro...) como escrita: publicacións locais, monografías, apeos, libros de amillamento... indicando os resultados deste contraste no apartado correspondente da *Ficha de topónimo* que veremos a continuación.

5. A introdución dos nomes nunha base de datos

Deseñouse unha base de datos que, vinculada cun sistema de información xeográfica, permitirá aproveitar, a un tempo, as informacións de tipo xeográfico e lingüístico. Isto conséguese mediante:

- A codificación xeográfica da información, que se poderá seleccionar segundo a escala do mapa e o seu grao de actualización.
- A codificación lingüística, de xeito que se poidan facer consultas sobre as características do topónimo.

Os módulos que compoñen esta aplicación son:

- **Informantes:** datos da persoa que proporciona a información.
- **Fichas:** introdúcense os principais datos identificativos dun topónimo.
- **Consultas listaxes:** consultas e control dos datos introducidos na base.
- **Topónimos nos documentos:** información atopada nos documentos consultados pero que ningún informante identifica.



A Ficha de Topónimo

Fichas

estado **nov**

Provincia <small>editar</small> PONTEVEDRA	número topónimo 16	topónimo 0 Puntal de Pé de Cabra	fonética 0 puntal de pE de cabra ...																																						
Concello <small>editar</small> CANGAS	número foto 0222A-0404-01	topónimo secundario 0 Puntal dos Gavotos	fonética secundaria 0 puntal doX ghavotoX ...																																						
Parroquia <small>editar</small> Cangas (Santiago e San Salvador)	Informante Cíes <small>Seleccionar</small>	contraste																																							
Aldea <small>editar</small> (n)llas Cíes	cuadrículas: <table border="1" style="margin-left: 20px;"> <tr> <td colspan="3" style="text-align: center;">norte</td> </tr> <tr> <td></td> <td>L7</td> <td></td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">oeste</td> <td style="text-align: center;">central</td> <td style="text-align: center;">leste</td> </tr> <tr> <td>K8</td> <td>K8</td> <td>L7</td> </tr> <tr> <td colspan="3" style="text-align: center;">sur</td> </tr> <tr> <td></td> <td>K8</td> <td></td> </tr> </table>	norte				L7		oeste	central	leste	K8	K8	L7	sur				K8		lingüístico <table border="1" style="margin-left: 20px;"> <tr> <td>nomenclátor</td> <td><input checked="" type="checkbox"/></td> <td>de situación</td> </tr> <tr> <td>IXN</td> <td><input checked="" type="checkbox"/></td> <td><input checked="" type="checkbox"/></td> </tr> <tr> <td>mapa 1:5000</td> <td><input type="checkbox"/></td> <td><input type="checkbox"/></td> </tr> <tr> <td>catastro</td> <td><input type="checkbox"/></td> <td><input type="checkbox"/></td> </tr> <tr> <td>cartografía municipal</td> <td><input type="checkbox"/></td> <td><input type="checkbox"/></td> </tr> <tr> <td>parcelaria</td> <td><input type="checkbox"/></td> <td><input type="checkbox"/></td> </tr> <tr> <td>outra documentación</td> <td colspan="2" style="text-align: center;"><small>Crear</small></td> </tr> </table>	nomenclátor	<input checked="" type="checkbox"/>	de situación	IXN	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	mapa 1:5000	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	catastro	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	cartografía municipal	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	parcelaria	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	outra documentación	<small>Crear</small>	
norte																																									
	L7																																								
oeste	central	leste																																							
K8	K8	L7																																							
sur																																									
	K8																																								
nomenclátor	<input checked="" type="checkbox"/>	de situación																																							
IXN	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>																																							
mapa 1:5000	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>																																							
catastro	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>																																							
cartografía municipal	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>																																							
parcelaria	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>																																							
outra documentación	<small>Crear</small>																																								
xenérico local <small>editar</small> Puntal	folia 10 mil 0222A-0404	grupo / tipoloxía Accidentes costeiros ... Punta / Cabo																																							

comentarios de campo editar

15/01/2008- Na banda de Baiona pronuncian o "e" de "Pé" pechado.

comentarios gabinete

Problemas
Dúbida lingüística

K < Anterior 300 de 507 Seguinte > >*
Eliminar Gardar Saír

O topónimo na ficha está definido polos seguintes parámetros:

➤ Datos lingüísticos

- ✓ Topónimo/fonética: forma do topónimo tal e como se recolleu en campo cos trazos fonéticos máis importantes
- ✓ Topónimo secundario/fonética secundaria: forma do segundo nome do topónimo (non sempre a ten), tal e como se recolleu en campo cos trazos fonéticos máis importantes.
- ✓ Xenérico local: sería unha palabra distinta, peculiar, singular para referirse a unha determinada realidade xeográfica; é unha tipoloxía singular dun concello ou dunha zona (por ex.: *fraga* no suleste ourensán para referirse a unha pena; *corga* na comarca de Sarria para as corredeiras...).
- ✓ Dúbida lingüística: campo no que o enquisador poder formular calquera problema de carácter lingüístico co que se atopara durante a realización da enquisa.
- ✓ Comentarios de campo: anotacións de distinta índole que poidan aclarar a información do topónimo.

➤ Datos espaciais e xeográficos

- ✓ Referencias xeográficas do topónimo (provincia, concello, parroquia e aldea).
- ✓ Identificador cartográfico do topónimo (Núm.Foto, Folla 1:10000): Referencia cartográfica e da ortofoto na que se localiza o topónimo.
- ✓ Núm. Topónimo: número único asignado a cada topónimo nunha determinada ortofoto.
- ✓ Informante: nome do informante ou do grupo de informantes. O botón seleccionar que aparece ao lado permítenos examinar a ficha do informante e ver as súas características.
- ✓ As cuadrículas: coordenadas que identifican os topónimos na fotografía a través dun eixe vertical e outro horizontal. Sinalan os puntos onde se rotulan os topónimos na foto e a extensión aproximada de territorio que engloban.
- ✓ Tipoloxías: clasificación realizada segundo unha serie de categorías e tipoloxías xeográficas establecidas polo proxecto.

Tipoloxía

Entidades Humanas

- Parroquia
- Aldea
 - Parte de aldea
- Cidade
- Vila
- Núcleo urbano novo
- Barrio urbano
- Urbanización
- Casa illada
- Equipamentos
 - Complexo industrial (polígono industrial, fábrica...)
 - Complexo comercial (centro comercial...)
 - Complexo agrario (granxa grandeira)
 - Complexo deportivo
 - Edificio público (colexio, hospital...)
- Elementos de interese cultural
 - Resto arqueolóxico (castro, mámoa, arca)
 - Edificio relixioso (igreja, capela, ermida)
 - Pazo / Casa Grande
 - Castelo / Fortaleza
 - Muíño/ Batán / Folón
 - Cruceiro / Cruz / Peto de ánimas
 - Hórreo / Cabozo
 - Pombal
 - Forno
 - Ferrería
 - Aíra / Eira comunal
 - Campo de Festa
 - Calzada / Camiño Real
 - Fonte (construción)
 - Ponte histórica
- Construcións singulares

Aceptar Saír

Tipoloxía

Accidentes terrestres

- Accidentes naturais
 - Serra
 - Pico / Alto
 - Monte / Duteiro
 - Porto de montaña
 - Ladeira / Costa
 - Pedra / Pena (individual)
 - Rochedo (colectivo)
 - Chaira
 - Val
 - Valgada
 - Cova
- Intervención humana
 - Socalcos
 - Mina / Canteira

Aceptar Saír

Tipoloxía

Terras

- Cultivo
 - Labradío
 - Prados / Pasteiros
 - Viñedo / Froiteiras
- Arboredo
 - Bosques (piñeiros, eucaliptos)
 - Bosque autóctono (carballeiras, soutos, bosque de río...)
- Monte baixo / Matogueira
- Terras estériles (baldío)
- Terreo mixto


Aceptar Saír

Tipoloxía

Vías

- Autoestrada / autovía
- Estrada
- Camiño
- Pista
- Carreiro
- Túnel
- Vía do tren
- Viaduto
- Paso no río / regueiro
 - Vao / Porto de río
 - Ponte / pontella / pontón

Aceptar Saír



➤ Datos documentais

✓ Documentación: sinala o tipo de documentación na que se atopou o topónimo (Nomenclátor, IGN, mapa 1:5000, Catastro, Cartografía Municipal, Parcelaria e outros). Picando na casinha de verificación aparece un cadro de diálogo onde poñer os resultados do contraste, que sempre son de dous tipos, lingüístico e de situación (excepto para o Nomenclátor, que só é lingüístico).

➤ Informante

✓ Datos persoais dos informantes: identifican aos enquisados e mostran o grao de implicación que ten co seu medio e, por tanto, o coñecemento deste.

✓ Calidade do informante: valoración que os enquisadores realizan unha vez rematada a enquisa de campo da orientación do informante sobre o territorio ou as fotos aéreas, ademais da precisión que amosa na localización dos topónimos.

✓ Observacións de campo: neste apartado sinálase todo tipo de incidencias ou cuestións que se consideren necesarias sobre cada informante.

➤ Grupo de informantes

✓ Nome do grupo: identifica a denominación que se lle dá ao grupo (normalmente é o nome da aldea, seguida dun número de orde)

✓ Compoñentes: nome dos informantes que conforman o grupo. Os datos de cada informante aparecen nas fichas individuais.

✓ Observacións: neste apartado sinálase todo tipo de incidencias ou cuestións que se consideren necesarias para cada grupo.

Crear Grupo

Nome Grupo:
Cres

Compoñentes Edit

Serafín Herbelo (Serafín de Sías)
Esposa de Serafín de Sías
Ignacio Cordeiro ("Bartolo" ou "Nasio Bartolo")
Mariñeiro de Canido
Isaac Carneiro ("Viasuela")

Observacións

K < Anterior 5 de 5 Seguinte >| >* Modificar Gardar Seleccionar Saír